



Memoria funcional - informe de proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Antecedentes

Primeiro. Proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo superior de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de arquivos.

Por *Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 30 de marzo de 2022 convocouse o proceso selectivo de acceso libre para o ingreso no corpo facultativo superior de Administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de enxeñaría, especialidades de enxeñaría de minas; escala de arqueólogos; escala de facultativo de arquivos, bibliotecas e museos, especialidades de arquivos, bibliotecas e museos, (DOG núm. 65, do 4 de abril).*

Nesta convocatoria figuraban **4 prazas** correspondentes á oferta de emprego público do exercicio **2021** aprobada polo Decreto 62/2021, do 8 de abril (DOG núm. 73 do 20 de abril), ás que se acumulaban **2 prazas** correspondentes á oferta de emprego público do exercicio **2019**, aprobada polo Decreto 33/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 67, do 5 de abril), reservándose 2 prazas para seren cubertas pola quenda de promoción interna.

Segundo. Persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo

A relación de aspirantes que **superaron este proceso selectivo** fíxose pública no DOG núm. 44 do 1 de marzo de 2024, onde se publicou a Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública do 1 de febreiro de 2024, do tribunal cualificador do proceso selectivo.

Terceiro. Modificación da relación de postos de traballo

En **desenvolvemento dos procesos selectivos**, co obxecto de facer efectivo o dereito das persoas que superaron os correspondentes procesos á elección de destino, resulta precisa a adopción das medidas necesarias para que poidan exercer ese dereito, unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos esixidos correspondentes.

En consecuencia, **cómpre levar a cabo a modificación dos seguintes postos:**

a) Amortizacións

Relación de postos a amortizar:

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion.publica@xunta.gal





UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	GRUPO/ SUBGR.	SITUACIÓN DO POSTO
ARQUIVO HISTÓRICO DE LUGO	EDC995030127001010	TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS	A2	Vacante sen ocupación
ARQUIVO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA	EDC995030136001007	TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS	A2	(*)
ARQUIVO DO REINO DE GALICIA	EDC995030115001013	TÉCNICO MEDIO DE ARQUIVOS	A2	(*)

(*) Postos non vacantes ocupados por persoal que superou o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo **facultativo superior de administración especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de arquivos.**

b) Creacións:

UNIDADE ADMINISTRATIVA	CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO NIVEL- (FORMA PROV)	GRUPO/ SUBGR.	CORPO ESCALA	ADSCR. ADM. PUB.	OBSERV.
ARQUIVO HISTÓRICO DE LUGO	EDC995030127001004	TÉCNICO/A SUPERIOR DE ARQUIVOS Niv. 22 - Concurso	A1	ESB1	AXG	XORNADA MAÑÁ OU TARDE
ARQUIVO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA	EDC995030136001004	TÉCNICO/A SUPERIOR DE ARQUIVOS Niv. 22 - Concurso	A1	ESB1	AXG	XORNADA MAÑÁ OU TARDE
ARQUIVO DO REINO DE GALICIA	EDC995030115001007	TÉCNICO/A SUPERIOR DE ARQUIVOS Niv. 22 - Concurso	A1	ESB1	AXG	XORNADA MAÑÁ OU TARDE

CÓDIGO - DESCRICIÓN DOS CORPOS/ESCALAS

ESB1 ESPECIAL (ESCALA DE FACULTATIVOS DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS – ESPECIALIDADE ARQUIVOS)

A clasificación completa do posto a modificar figura no anexo de equivalencias a esta memoria funcional informe-proposta.

CONCLUSIÓN

En consecuencia, de conformidade co exposto e consideradas as razóns organizativas e funcionais indicadas anteriormente, este centro directivo **INFORMA FAVORABLEMENTE** á modificación da relación de postos de traballo da **Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude**.

Damos traslado do expediente á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico para a emisión do preceptivo informe.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela.

A directora xeral de Emprego Público e Administración de Persoal. Nuria Aguilar Vázquez

Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal
Edificio administrativo de San Caetano, 1, 2º
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 545 227 Fax 981 545 225
direccion.xeral.funcion publica@xunta.gal

